

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004551	IES Illa de Tambo	Marín	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Esta programación didáctica contextualízase no IES Illa de Tambo que se atopa no centro de Marín, na comarca do Morrazo, provincia de Pontevedra. Marín ten unha poboación de cerca de 25.000 habitantes, cuxa maioría se dedica á actividade pesqueira, seu porto pesqueiro é dos máis importantes tanto a nivel rexional como nacional. Cabe sinalar que alberga a "Escuela Naval Militar", única en España.

A procedencia sociocultural do alumnado é bastante variada, sobre todo na ESO.

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos cuxo eixe central vén constituído polo modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana. É sabido que as manifestacións desta cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humano, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas de moitos países e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización, o deporte, a educación, ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá. Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en gran medida o modo do ser do ser humano actual, de tal maneira que ese substrato cultural constitúe un elemento vivo na civilización occidental que permite tanto a continuidade na práctica deses valores como o entendemento por parte da cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por encima das propias fronteiras dos estados.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases nas que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para a cidadanía europea.

O currículo da materia Cultura Clásica contribúe de modo directo á adquisición de competencias fundamentais, como é o caso da competencia en comunicación lingüística; a aproximación ao grego e ao latín, como linguas que seguen presentes nas linguas románicas e en moitas das linguas faladas en Europa, algunhas delas dentro da contorna cultural do alumnado, permite aumentar os coñecementos e as destrezas lingüísticas e contribúe á lectura comprensiva de textos diversos e á expresión oral e escrita. Así mesmo, a contribución de Cultura Clásica para desenvolver outras competencias como a cidadá ou a competencia en conciencia e expresións culturais lógrase mediante o coñecemento do amplo e rico patrimonio cultural, artístico e arqueolóxico grecolatino en Europa, que potencia o gozo estético da arte e fomenta o interese pola súa conservación e a obriga moral da súa transmisión ás xeracións vindeiras. Igualmente, mediante o coñecemento dos grandes clásicos da literatura grega e latina permítense unha mellor interpretación da literatura posterior, na que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura e se consolida o hábito lector.

Por outra banda, unha visión global da xeografía e da historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

Por último, a presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

De acordo con esta formulación, os criterios de avaliación e contidos da materia artículanse en bloques pertencentes aos seguintes ámbitos temáticos. Pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental para sentar as bases desta materia. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo das divindades e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

No bloque relativo á arte merecen especial atención as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Outro dos bloques dedícase á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a existencia da escravitude, o papel da muller na Antigüidade clásica, a vida pública e privada, e os valores cívicos, coas súas luces e sombras, que se transmitiron á cultura

occidental.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e da evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica neste ámbito será permitirlle ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos. Resulta coherente co espírito de incorporación de métodos activos nas materias de Latín en educación secundaria obrigatoria e de Latín e Grego no bacharelato, introducir unha fraseoloxía básica latina e grega, para que o alumnado poida aprender e, sobre todo, usar oralmente fórmulas de saúde e presentación, e utilizar pequenas frases para preguntar ou comentar aspectos básicos da actividade diaria na aula. O obxectivo desta incorporación pretende espertar a curiosidade do alumnado polas linguas clásicas e achegalo dun modo que o sorprenda e rompa cos estereotipos consolidados.

O bloque restante irá enfocado a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos e intrínsecos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural de carácter material e inmaterial da humanidade.

En todos os bloques fica implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura en múltiples esferas do coñecemento e da vida cotiá.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo grego e a antiga Roma.	A xeografía de Grecia e Roma. Historia de Grecia: períodos prehelénico, arcaico, clásico e helenístico. Historia de Roma: Monarquía, República e Imperio. Aspasia, Prometeo, Pandora, Cornelia, Rómulo e Remo. Reflexión sobre o aprendido.	15	25	X		
2	A arte de escribir.	Orixe da escritura e os seus sistemas. Soportes da escritura. Transmisión dos textos antigos: Antigüidade, Idade Media, Renacemento e Idade contemporánea. Hipatia. Eteocles e Polinices. O patrimonio. Reflexión sobre o aprendido.	15	15	X		
3	A literatura grega e latina.	Literatura grega: épica, lírica, prosa, traxedia, comedia, xéneros da época helenística. Safo. Faetón. Antígona. Literatura romana: épica, teatro, lírica, epigrama, sátira, oratoria, historiografía. Hortensia, Acteón. Tempus irreparabile est. Reflexión sobre o aprendido.	15	18		X	
4	A arte grega e romana.	A arquitectura, a escultura, os templos gregos, cerámica grega, pintura e mosaico romano. Dédalo e Ícaro. Agripina, Atenea y Poseidón. Canon de beleza grega. Reflexión sobre o aprendido.	15	12		X	
5	Cultos, ritos e mitos.	A relixión na Antigüidade, a creación do universo, panteón grecorromano, cultos e rituais en Grecia e Roma. Heracles. A adivinación. Reflexión sobre o aprendido.	20	25			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As pegadas do pasado.	Iberia e Roma. A romanización. Economía hispana. Hispania romana. Hostia. O mito das idades. Reflexión sobre o aprendido.	20	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo grego e a antiga Roma.	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar as formas de goberno no mundo clásico e establece semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	PE	30
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Coñecer a etimoloxía da terminoloxía científico-técnica.		
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Situar a localización xeográfica grega e romana nun mapa en soporte papel e/ou dixital.	TI	70
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Situar os fitos e cidades relevantes na civilización grega e romana nun mapa en soporte papel e/ou dixital.		
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Sinalar as etapas da civilización grega e romana.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar os períodos da historia de Grecia e Roma e as súas personaxes relevantes.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Coñecer a fraseoloxía básica en latín e grego.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
2	A arte de escribir.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Identificar cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.	PE	30
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Coñecer a etimoloxía da terminoloxía científico-técnica.		
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Coñecer a orixe do alfabeto, sistemas de escritura e a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	TI	70
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Coñecer as características do indoeuropeo e a súa evolución ata as linguas románicas.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Coñecer a fraseoloxía básica en latín e grego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

UD	Título da UD	Duración
3	A literatura grega e latina.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identificar as principais características dos xéneros literarios e coñece os seus principais representantes.	PE	30
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Coñecer a etimoloxía da terminoloxía científico-técnica.	TI	70
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Coñecer a fraseoloxía básica en latín e grego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

UD	Título da UD	Duración
4	A arte grega e romana.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Coñecer a etimoloxía da terminoloxía científico-técnica.	PE	30
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir as características fundamentais da arte clásica.	TI	70
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar as principais características da arquitectura grecorromana.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana.		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Diferenciar as vías romanas e fai unha comparación coas da túa contorna.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Situar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Coñecer a fraseoloxía básica en latín e grego.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

UD	Título da UD	Duración
5	Cultos, ritos e mitos.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	PE	30
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer as características e os feitos que rodean os principais mitos e heroes grecolatinos.		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describir as principais características da relixiosidade romana oficial e privada.		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Coñecer a etimoloxía da terminoloxía científico-técnica.		
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Comparar as características da relixión grega coas actuais.	TI	70
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Coñecer a fraseoloxía básica en latín e grego.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Relacionar a mitoloxía grecorromana con lendas populares.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
6	As pegadas do pasado.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	PE	30
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir as características das clases sociais en Grecia e Roma.		
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Describir a composición e o papel dos membros da familia.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Coñecer as características da vida cotiá en Grecia e Roma.		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Coñecer a etimoloxía da terminoloxía científico-técnica.	TI	70
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Situar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.		
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Coñecer as principais formas de lecer da Antigüidade.		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Recoñecer as principais manifestacións deportivas da Grecia clásica.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Coñecer a fraseoloxía básica en latín e grego.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Investigar a influencia da civilización clásica na contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.

Contidos

- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.
- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.
- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.
- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.
- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.
- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.
- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.
- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será activa e participativa, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que favoreza a adquisición das competencias clave.

Para iso empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Expresión de ideas previas e dificultades de aprendizaxe antes de comezar os temas.
- Exposición da profesora a través de diversos soportes.
- Lectura e reflexión individual do texto para aproximarse ó contido a tratar.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e nos traballos de aula para investigar e descubrir.
 - Aplicación práctica dos conceptos aprendidos.
 - Discusión e análise do contido en pequenos grupos ou en gran grupo.
 - Traballo en grupos reducidos no desenvolvemento das actividades.
 - Busca de información para completar actividades e ampliar coñecementos.
 - Utilización da Internet para facilitar a comprensión e construción de contidos e ideas.
 - Posta en común despois do traballo individual.
 - Traballos en equipo que faciliten a participación do alumnado, que posibiliten a expresión da súa creatividade e que favorezan o debate na clase.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
O libro de texto de Cultura Clásica. Editorial Anaya.
Caderno do alumnado.

Exercicios fotocopiáveis de reforzo e ampliación para tratamento da diversidade.
Recursos dixitais de ampliar ou reforzar contidos estudados en atención a diversidade.
Proxector. Encerado tradicional.
Aula virtual.
Dispositivos móbiles do alumnado.
Ordenadores con conexión a Internet.
Apuntamentos da profesora.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso realizarase unha pequena avaliación inicial sobre os coñecementos básicos relacionados coa materia para valorar o punto de partida. O instrumento de avaliación empregado serán preguntas curtas, imaxes, textos, etc., de maneira oral (principalmente) para valorar o punto de partida (tanto positivo como negativo).

O obxectivo é identificar en que criterios de avaliación existen dificultades no conxunto do grupo ou en determinados alumnos ou alumnas.

Se houberse consideracións a ter en conta para o desenvolvemento da programación didáctica, estas quedarán reflectidas no libro de actas do departamento de latín.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	30	30	30	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	70	70

Criterios de cualificación:

Avaliación parcial:

O sistema de cualificación en cada avaliación será a media aritmética das unidades didácticas.

- 1ª avaliación: media aritmética das unidades 1 e 2.
- 2ª avaliación: media aritmética das unidades 3 e 4.
- 3ª avaliación media aritmética unidades 5 e 6.

A cualificación exprésarase con valores numéricos enteiros comprendidos entre 1 e 10. Serán positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5. Aplicarase o redondeo en caso de equidistancia ao enteiro superior.

Avaliación final:

Unha vez aplicados os criterios de recuperación das avaliacións suspensas, a cualificación final será a media ponderada das tres avaliacións parciais, 1ª avaliación 30%, 2ª avaliación 30% e 3ª avaliación 40%, aplicando o

redondeo en caso de equidistancia ao enteiro superior.

Se houber algunha modificación nos criterios de cualificación debido ao desenvolvemento da programación didáctica, estas quedarán reflectidas no libro de actas do departamento de latín.

Criterios de recuperación:

Ao finalizar cada unidade didáctica, informarase ao alumnado dos aspectos negativos da súa avaliación, indicándoselles como os deberán superar. O sistema de recuperación proposto dependerá do tipo de criterios de avaliación non superados:

- As probas escritas con cualificación negativa, recuperaranse na seguinte avaliación, agás se ocorrese na 3ª avaliación, neste caso a súa recuperación terá lugar antes da finalización do curso lectivo. A profesora poderá decidir a realización das probas escritas de recuperación na propia avaliación.
- Con respecto aos traballos realizados non superados, a profesora indicarlles a forma de recuperación dependendo dos resultados da súa avaliación.

Se algún alumno ou alumna ten as probas escritas superadas pero non aproba a avaliación pola parte dos traballos, a profesora entregarlle traballo de recuperación para que poida recuperar a parte suspensa. Non se aceptarán traballos de recuperación despois da data indicada.

O alumnado con probas escritas superadas, pode presentarse as de recuperacións de forma voluntaria se desexan subir nota.

En xuño o alumnado que non supere a materia despois do indicado anteriormente fará unha proba escrita final.

6. Medidas de atención á diversidade

Centrándonos no feito de que a educación secundaria é obrigatoria e que é primordial atender as necesidades educativas de todo o alumnado, é necesario atender a un triplo punto de vista: interese, capacidade e motivación do alumnado. Ten que haber na aula unha aplicación de estratexias que axuden a que os alumnos que necesiten un reforzo, non se sintan desprazados nin cohibidos. Este reforzo vén dado polo apoio de exercicios de escasa complicación, e nos que hai que traballar principalmente con aquilo que lles resulte máis difícil de reter. É sabido que a memoria visual acostuma ser máis potente e práctica polo que se traballará con mapas nos que as cores marcarán as diferenzas, encrucillados nos que terán que situar as linguas románicas os escritores gregos, latinos, por exemplo. Ademais coas lecturas de fácil comprensión e esquemas organizados, farán un compendio de técnicas coas que ninguén poderá quedar fóra do traballo da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.					X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A formación estética.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas a cidades con pegadas romanas.	Visita guiada a museos e cidades con pegada romana. Farase unha saída por trimestre.	X	X	X

Observacións:

Cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.
Deixarase constancia da actividade realizada no libro de actas do departamento de latín.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Fago avaliación inicial ao principio de curso
Propoño plan de traballo para cada unidade
Planifico situacións introdutorias previas ao tema
Metodoloxía empregada
Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos
Proporciono estratexias e ferramentas para que os alumnos descubran os contidos
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e, en función del adapto o proceso de ensino-aprendizaxe
Dou información dos progresos e das dificultades atopadas

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Obsérvanse as actividades dos alumnos
Proporciono ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar
Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo
Lévase rexistro da observación sistemática
Medidas de atención á diversidade
Fanse entrevistas co alumnado
Fanse probas orais
Fanse probas escritas sobre pequenos bloques
Fanse probas escritas sobre grandes bloques
Clima de traballo na aula
Aproveito o interese dos alumnos por un tema determinado para utilizalo como centro de interese
Manteño o interese do alumnado
Cando a motivación decae propoño actividades divertidas e curiosas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia
Son accesible ás familias
Outros
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes

Descrición:

Os indicadores empregados para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente son os indicados nas táboas da memoria final de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Indicadores empregados para o seguimento, avaliación e propostas de mellora:

- Resultados académicos.
- Adecuación dos contidos e unidades á temporalización da programación.
- Valoración do emprego dos materiais e recursos didácticos.
- Consecución dos obxectivos e criterios de avaliación.
- Valoración dos procedementos de avaliación.
- Propostas de mellora (recolleranse na memoria final).

Os apartados anteriores quedarán reflectidos de forma trimestral no libro de actas do departamento ao finalizar cada avaliación.

9. Outros apartados